

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE TÉCNICO DE GABINETE ALCALDÍA. PERSOAL EVENTUAL CORPORACIÓN 2023-2027.

Expediente GD 9825/2023, expediente raíz GD 8445/2023

En sesión plenaria de organización da nova Corporación Local 2023-2027, celebrada o 28 de xuño de 2023 prestouse aprobación á creación de 7 postos de traballo de persoal eventual de confianza.

Mais concretamente, no punto décimo se crearon 3 postos de persoal eventual para o Goberno e 4 postos de persoal eventual para a oposición.

Os postos para o Goberno (3) son 1 técnico/a e 2 administrativos/as de Gabinete da Alcaldía.

Con data do 20.07.2023 o grupo municipal socialista, mediante rexistro de entrada 17287/2023, comunica a persoa proposta como técnico de Gabinete de Alcaldía, David Boo Millán, con DNI [REDACTED]

Visto todo o que antecede, esta Alcaldía no uso das súas atribucións, mais concretamente das previstas nos artigos 21.1.h) e 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), **Resolve:**

Primeiro. Nomear o seguinte persoal eventual de confianza de Gabinete Alcaldía

David Boo Millán, con DNI núm. [REDACTED] coa categoría profesional de Técnico de Gabinete de Alcaldía.

As características son as recollidas para este posto no acordo plenario de organización de 28 de xuño de 2023. A súa xornada laboral será a ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa especial dispoñibilidade, segundo as necesidades da Alcaldía.

Terán unha retribución bruta anual de 33.000,00 euros, que se percibirán en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe. As súas retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

Segundo. O nomeamento terá efectos dende o 1 de agosto de 2023, previa aceptación da persoa proposta.

Terceiro. Publicar esta resolución a efectos de xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia do Concello de Ames.

Cuarto.- Ordenar que os postos se inclúan na Relación de Postos de Traballo. Así mesmo, e polo tanto deberá ser valorado este posto, aos efectos da determinación do complemento específico en atención á especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigo ou penosidad.

Ames, a data da sinatura dixital

O alcalde

A secretaria Accidental

José Blas García Piñeiro

Concepción Vilas Cantelar